

# Licenza de apertura de actividades

## Descrición

Este tipo de licenza implica a autorización municipal para a instalación de establecementos, industrias ou almacéns cualificados como molestos, insalubres, nocivos ou perigosos, ou para as non clasificadas.

## Documentación necesaria

A documentación que hai que achegar é a seguinte:

**Cando se trate dunha actividade incura no regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas e/ou no regulamento xeral de Policía, espectáculos públicos e actividades recreativas:**

1. **Proxecto técnico por duplicado, redactado por facultativo competente e debidamente visado polo respectivo Colexio Profesional que conterà, cando menos, a seguinte documentación:**
  - a) Memoria descritiva e xustificativa da actividade a desenvolver con indicación expresa do seguinte:
    - I. - Superficie útil e construída da actividade.
    - II. - Previsión da potencia a instalar contemplando a destinada a forza e a alumeadado por separado.
    - III. - Uso actual do local.
    - IV. - Uso ao que se destinará cada unha das súas dependencias.
    - V. - Descrición das obras que se pretenden facer para acondicionar o local.
    - VI. - Xustificación do cumprimento do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas así como da NBE-CPI, Plan xeral de ordenación urbana e demais lexislación sectorial. Análise da posible repercusión sobre a sanidade ambiental. Sistemas correctores que se propoñen adoptar.
    - VII. - Así mesmo, nos casos que corresponda deberá xustificarse o cumprimento do Regulamento xeral de policía e espectáculos públicos e actividades recreativas.
    - VIII. - Descrición do sistema de ventilación e renovación de aire, iluminación e saída de fumes adaptada á regulamentación vixente.
    - IX. - Aforo. Descrición do seu cálculo.
  - b) Memoria construtiva e de cálculo que xustifique a expresión do grao de eficacia e garantías de seguridade da actividade, con especial atención á Ordenanza municipal de rúidos e vibracións. Así mesmo, farase especial fincapé nas dimensións de portas, dirección de apertura, ancho mínimo, número e ubicación destas, percorrido de evacuación ata a rúa, etc.
  - c) Planos de plantas, alzados e seccións do estado actual e reformado a escala 1:1000, con sinalamento de usos, instalacións e de medidas correctoras e de protección que procedan.
  - d) Planos de situación do local a escala 1:1000.
  - e) Plano de situación do local en relación coa planta do edificio no que se reflecta o acceso dende a rúa.

Orzamento detallado por partidas e prezos unitarios das obras e instalacións proxectadas para o desenvolvemento da actividade

2. **Escritura de constitución no caso de tratarse de persoas xurídicas.**
3. **Epígrafe da clasificación decimal do Nomenclátor anexo á regulamentación de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas na que se estima debe incluírse.**

No caso de que sexa necesario facer obras de construción ou de acondicionamento do local solicitarase a pertinente licenza (de obras maiores ou de obras de acondicionamento) así como, de ser o caso, licenza de colocación de rótulo ou toldo.

4. **Fotografías por duplicado do estado actual da fachada e do interior do local.**

**Cando se trate dunha actividade inocua:**

1. Proxecto da actividade e instalacións do local, que conterà, cando menos, a seguinte documentación:

**a) Memoria descriptiva e xustificativa da actividade a desenvolver con indicación expresa do seguinte:**

- I. - Superficie útil e construída da actividade.
- II. - Previsión da potencia a instalar contemplando a destinada a forza e a alumeado por separado.
- III. - Uso actual do local.
- IV. - Uso ao que se destinará cada unha das súas dependencias.
- V. - Descrición das obras que se pretenden facer para acondicionar o local.
- VI. - Xustificación do cumprimento das normas de protección contra incendios, indicando de ser o caso: percorridos de evacuación á rúa e medidas a adoptar en cumprimento da NBE-CPI e demais normativa vixente.
- VII. - Descrición do sistema de ventilación e da iluminación de cada dependencia.

**b) Planos:**

- De situación do local a escala 1:1000
- De situación do local en relación coa planta do edificio dende a rúa.
- Planos de planta/s, sección e fachada/s do estado actual, a escala 1:1000
- Planos de planta/s, sección e fachada/s do estado reformado, a escala 1:1000
- Planos de instalacións indicando usos de cada dependencia, xustificando a ventilación, iluminación e medidas de protección contra incendios (extintores, alumeado de sinalización de emerxencia, etc.)

2. Fotografías por duplicado do estado actual da fachada e do interior do local .

3. Escritura de constitución no caso de tratarse de persoas xurídicas.
4. Informe do Xefe Local de Sanidade
5. Alta en Facenda. **Mod. 036.**

**Documentación a achegar no caso de cambio de titularidade na actividade:**

- Solicitarase o cambio de titularidade da licenza de apertura cando cambie o titular do dito establecemento e sempre que o local se axuste ao autorizado no seu día e a actividade que se desenvolva será a autorizada de acordo co artigo 13 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- Copia da licenza de apertura ou da licenza de funcionamento da actividade.
- Copia de documento xustificativo do cambio de titularidade (contrato de compravenda ou arrendamento do local).

**O cidadán debe saber** A solicitude debe presentarse en modelo normalizado.

**Prezo** A taxa pola licenza que resulte segundo o establecido na **Ordenanza fiscal**

**Solicítase e preséntase** **Oficinas municipais: Rexistro Xeral**  
Rúa Oriente, nº 11 – 1ª Planta  
36880 A CAÑIZA (Pontevedra)

**Formularios. Cómpre imprimilos e cubrilos por duplicado.** - Licenza de Apertura (*ver modelo en sección de [trámites](#)*)